

## NORMAS PARA TODOS

Valorade as **NORMAS DO COLEXIO** como un marco que nos axuda a todos a saber o que temos que facer e que nos aporta seguridade:

- **PUNTUALIDADE.** Tanto na entrada como na saída. A Educación Infantil non é unha etapa obrigatoria pero no momento no que se escolariza, o alumno/a pertence a un centro que ten unhas normas que todos debemos cumprir.
- **CANDO ESTEA MALIÑO/A** non o traiades ao cole.
- **POÑEDELLE ROUPA CÓMODA E FÁCIL DE MANEXAR PARA EL/ELA.** Evitade cinturóns e tirantes.
- **NO COLEXIO DAMOS UNHA PARVA NO RECREO** Non lle mandedes larpeiradas.
- **CONFIADA NO TITOR/A E SEGUIDE AS SÚAS INDICACIÓNS.** Eles tamén queren que o neno/a se atope seguro, tranquilo e confiado.

## **Equipo de mestras de Educación Infantil e Dpto. Orientación.**



## **CEIP PLURILINGÜE PROFESOR ALBINO NÚÑEZ**



[ceip.albino.nunez@edu.xunta.gal](mailto:ceip.albino.nunez@edu.xunta.gal)

# **Entramos na escola**



**Educación infantil – 3 anos**

Estimadas/os Nais/Pais:

Comezar na escola é un paso moi importante na vida do voso fillo/a. Supón a entrada a un mundo máis amplo, diverso e descoñecido para el/ela.

Para que ese comezo sexa o máis doado posible propoñémosvos unhas **pautas a seguir**:

1. Adoptade unha actitude de tranquilidade e confianza na escola.

Confíade no que vos di a mestra do voso fillo/a. A separación é difícil e os nenos perciben as nosas inseguridades.

2. Mantede unha actitude positiva e real cara a escola.

Comentade co voso fillo/a o que vai facer na escola sen plantexala como un xogo permanente e falando dos compañeiros que vai atopar, materiais cos que van traballar...

3. Escoltadeo cando dí que non quere ir á escola

Falade do porque atendendo ás súas razóns.

4. Dádelle importancia ás actividades cotiás que vos conte.

5. Ao deixalo na escola, non o enganades, aínda que estea chorando:

Porase máis ansioso/a se pensa que estades no patio ou trala porta esperando. Insistide en que na saída estaredes esperando por el/ela e marchade con tranquilidade. Non veñades no recreo a miralo porque se porá nervioso novamente.

6. Acostumádeo/a a recoller e deixar as cousas no seu sitio.

7. Mantede un bo horario de comidas e de descanso ao longo de todo o curso.

8. Debe deixar o chupete e aprender a controlar esfínteres.

9. Poñédeo en contacto con outros/as nenos/as.

Levalo ao parque é unha boa forma de que se acostume a estar con outros.

10. Fomentade a súa autonomía.

Hai que darlle responsabilidades na casa: recoller os xoguetes, comer pola súa man...

Asimesmo, dende o *Departamento de Orientación* presentámosvos uns consellos para que o desenvolvemento da linguaxe dos vosos fillos sexa satisfactorio:

- Empregar unha linguaxe clara e adulta, pero adaptada á idade do neno/a (non abusar dos diminutivos ou empregar palabras infantilizadas)

- Se o neno/a presenta algún erro ó falar, non debemos rir as súas incorreccións. O máis recomendable é responderlle repetindo as súas frases e dicíndoas ben.

- Non debemos rifarlle ao neno/a polos erros na súa fala nin facerlle repetir o que dixo mal.

- Debemos respectar o ritmo persoal da nena/o cando se expresa; non interrompelo nin anticipar a súa resposta aínda que tarde en contestar.

- Cando falemos co neno/a debemos poñernos á súa altura e miralo aos ollos.

- Intentar non dirixir sempre a linguaxe dos nenos/as, deixar que sexan eles os que comecen a conversa ou o tema do que imos falar.

- Favorecer que se exprese con outras persoas e en outros lugares (na tenda, no autobús, ...) Acostumalo a que escoite e sexa escoitado.